



XUNTA  
DE GALICIA

# PROGRAMACIÓN DE NADAL 2024-2025

## CENTRO DE VISITANTES DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Queremos convidar as nenas e nenos a gozar destas festas dun xeito diferente, achegando a riqueza natural e cultural da nosa contorna a través de xogos e obradoiros adaptados ás distintas idades. Animádevos a participar!

Todas as actividades propostas son de balde, tan só están suxeitas ás seguintes condicións de participación:

- As/os nenas/os participantes terán que ir acompañados dunha persoa adulta responsable, que deberá permanecer no lugar de realización durante a actividade.
- É necesaria a inscrición previa para os dous obradoiros. A inscrición realizarase enviando un correo electrónico a [centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal](mailto:centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal). No correo débense indicar os seguintes datos: nome, apelidos e idades dos participantes, nome e apelidos da persoa adulta acompañante, número de teléfono e correo electrónico de contacto, obradoiro no que desexa participar ou preferencia de participación.
- Poderase participar en máis dunha actividade se hai prazas dispoñibles. Cando o número de inscricións supere o número de prazas máximas para a actividade, teranse en conta a orde de preferencia e a orde de inscrición para promover a máxima participación de nenas/os.
- En caso de que finalmente a nena/o non poida asistir á actividade, terase que enviar un correo a [centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal](mailto:centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal) ou comunicalo no tlf: 886218082 o día anterior á realización desta, antes das 19h, co obxecto de poder avisar á seguinte persoa en lista de espera. O feito de non facelo sen causas xustificadas suporá non poder participar na seguinte convocatoria de actividades.

### LUGAR DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Centro de visitantes do Parque Nacional . Rúa Palma, 4 Vigo





<p><b>27 de decembro de 12:00 a 13:00h</b></p>	<p><b>Xogo medioambiental: Detectives da praia</b>  Xogando a detectives, as nenas e nenos coñecerán os tesouros que chegan ás nosas praias, unha actividade de descuberta da riqueza mariña das nosas costas.  <b>Idades recomendadas:</b> De 6 a 12 anos.    <b>Realizan:</b> Guías Illas Atlánticas  <b>Nº máximo de participantes:</b> 12. Sen inscrición previa.</p>
<p><b>2 de xaneiro de 17:00 a 18:00h</b></p>	<p><b>Contacontos "Perigo no fondo do mar!"</b>  Piratas que tiran ao fondo do mar un bidón cheo de material venenoso, animais mariños que enferman e humanos que os axudan ata que se detén ós malfeitores.  <b>Idades recomendadas:</b> a partires de 3 anos    <b>Realiza:</b> Corticata T.M.  <b>Nº máximo de participantes:</b> 25 nenas/os acompañados dunha persoa adulta responsable. Sen inscrición previa.</p>
<p><b>3 de xaneiro de 17:00 a 18:30h</b></p>	<p><b>Obradoiro de papel reciclado e caderno feito a man</b>  Elaboración de papel reciclado con tinguiduras naturais e flores e posteriormente elaboración dun caderno con papeis reciclados.  <b>Idades recomendadas:</b> de 6 a 12 anos    <b>Realiza:</b> ETL Xaruma  <b>Nº máximo de participantes:</b> 15 nenos/as acompañados dunha persoa adulta responsable (máx 4 part por adulto/a). <b>Con inscrición previa.</b></p>

## INSCRICIÓN SÓ PARA OS OBRADOIROS PINCHANDO AQUÍ

No correo electrónico para as inscricións, indicar:

- Nome e apelidos dos participantes
- Idade dos participantes
- Nome e apelidos da persoa adulta a cargo
- Número de teléfono e correo electrónico de contacto
- Obradoiro no que se desexa participar (en caso de querer participar nos dous, indicar orde de preferencia)

